

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:



XURADO PROV. DE MONTES VECINAIS
EN MAN COMÚN
Pontevedra
COTEXADO, EN CONFORME CO ORDENAL
Data: 28 OCT. 1996
A Secretaría.

Así: RAMONA CELIA FERNÁNDEZ ALVAREZ

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servicio de Montes e Ind.Forestais)
D. Luis Mª Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafín Quinteiro Blanco
(Avogado polo colexio da provincia)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SAN MATEO DE
OLIVEIRA, PONTEAREAS.**

D. Juan Manuel Blanco Lema.
D. José Campos Alonso.

SECRETARIA

Dª. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as
dezasete horas do día 9 de outubro
de 1996, coa asistencia das persoas á
marxe reseñadas reúnese na 4ª planta
do edificio sito no nº 47 da rúa
Benito Corbal o Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Vecinais
en Man Común, ó obxecto de decidir
sobre a Clasificación dos montes "**Coto de Burro e outros**",
sitos na
Parroquia de San Mateo de Oliveira,
Concello de Pontearreas.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 24/9/1993, interesouse
polos veciños da Parroquia de San
Mateo de Oliveira, Concello de
Pontearreas, a Clasificación dos
montes "**Coto de Burro e outros**",
pertencentes á referida parroquia,
habéndose incoado o oportuno
expediente polo Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Vecinais
en Man Común na súa reunión
celebrada o día 10/11/93.

2.- No expediente de Clasificación
cumpríronse as prescricións
establecidas na Lei 13/89 de 10 de
outubro do Parlamento de Galicia de
Montes Vecinais en Man Común e
no seu Regulamento aprobado por
Decreto 260/92 do 4 de setembro,
facéndose as correspondentes



publicacións, e solicitando no Rexistro da Propiedade a oportuna Anotación Preventiva.

Non consta no expediente oposición algunha nin por particulares nin por entidades respecto a Clasificación das parcelas solicitadas.

3.- Cómpre sinalar que dentro daquelas, sen embargo, existen, a nomeada Outeiro, que foi expropiada na súa totalidade como afectada polas obras de construción de Autovía Rías Baixas no tramo Batalláns-Poriño e a nomeada Xestal, da que foi expropiada unha superficie de 700 m², sendo a superficie restante da mesma 400 m², segun datos aportados polo Servizo Forestal no seu informe emitido no pasado mes de maio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Que de conformidade co artigo 9 da Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común corresponde ós Xurados Provinciais o pronunciamento para a Clasificación dos montes Veciñais en man Común na forma prevista na referida Lei e no seu Regulamento.

II.- Que da documentación aportada polos veciños e así como do informe emitido polo Servizo de Montes, despréndese, que as parcelas das cales se pide a súa clasificación veñen sendo aproveitadas dende sempre polos veciños, a través de esquilmes, e estando a maioría daquelas repobladas de pinos, nembargantes a criterio do Xurado non aparece debidamente acreditada para os montes "Outeiro e Xestal" a nota esencial definidora de que os mesmos viñeran sido aproveitados consuetudinariamente en man común polos veciños da Parroquia de San Mateo de Oliveira, tendo en conta que a súa superficie na súa totalidade respecto ó monte Outeiro e na súa maioría para o monte Xestal foi obxecto de expropiación forzosa.

Por todo o anterior, os membros do Xurado de maneira unánime ACORDAN: A non Clasificación como Veciñal en man común da superficie solicitada para o monte Outeiro de 400 m² e para o monte Xestal de 1.100 m².

Asimismo, de maneira unánime Acordan coa descripción gráfica sinalada na planimetría que a escala 1/10.000 incorpórase á presente Resolución, formando parte inseparable da mesma, a Clasificación como veciñais en man común a favor dos veciños da Parroquia de San Mateo de Oliveira, Concello de Pontearreas dos seguintes montes:

Primeira Parcela: COTO DO BURRO, CACHEIRO OU COTO AGUDO...

CABIDA: 8,5 Has.

LINDES

NORTE: Propiedades de José Alvarez Rocha, Gabino Alvarez Rocha, Manuel Rodríguez, Gabino Mariño Mó e camiño público.

SUR: Propiedades de Julio Estévez Paz, José Alvarez Rocha, Herdeiros de Raimundo Rodríguez e outros.

LESTE: Camiño Público e propiedades de Gabino Alvarez Rocha e outros.

OESTE: Propiedades de María Mourillo Suárez e outros.



COTEXADO, É CONFORME CO ORIXINAL
Data: 28/06/1996
A Secretaría

Ass. RAMONA CELIA FERNÁNDEZ ALVAREZ

Segunda Parcela: PEDREIRA E CHAN

CABIDA : 11 Has.

LINDES

NORTE: Con propiedade de Concepción Rodríguez Márquez e Valeriano Domínguez Santos, viñedos de Julio Estévez Paz e Joaquín Paz Iglesias, con estrada local e outras propiedades.

SUR: Con propiedade de Andrés Paz García, camiño público que o separa de viñado propiedade de Eugenio Rodríguez Diz e vivenda de Salvador Iglesias Álvarez.

LESTE: Con termo municipal de Salvaterra.

OESTE: Propiedades particulares de Guillermo Álvarez Suárez, Francisco Álvarez Silva, Amelia Rodríguez Pereira, camiño público e máis propiedades de José Rodríguez e Jacinto Fernández.

Terceira Parcela: SAN MAURO

CABIDA : 3 Has.

LINDES

NORTE: Con estrada ó barrio de Alcaraz.

SUR: Coñ estrada ó barrio de Albas.

LESTE: Coñ termo de Salvaterra.

OESTE: Con camiño veciñal que o separa de montes de José Araujo Vilas, de herdeiros de Gabino Rodríguez Gonzalez, herdeiros de Gabino Mariño Mío e outros.

Cuarta Parcela: CASAL.

CABIDA: 9.000 m²

LINDES

NORTE: Estrada da ermida de San Amaro.

SUR: Propiedade de Senén Álvarez e camiño público.

LESTE: Propiedades de Elvira Garrido Carballo.

OESTE: Propiedade de Manuel Álvarez e regato.

Quinta Parcela: CHEIRA.

CABIDA: 3,7 Has.

NORTE: Propiedade de Constante Suárez García. Hros de Gabino Castro Estévez e outros.

SUR: Propiedades de José Garrido Carballo e outros.

LESTE: Camiño público ó barrio de Cheira.

OESTE: Propiedade de Manuel Garrido Carballo.

Sexta Parcela: AGRELO, BALDOEIRO E ARIEIRO.

CABIDA: 17 Has.

LINDES

NORTE: Propiedade de Emilia Míguez Suárez, Hros de Elisa Álvarez e outros.

SUR: Propiedade de Manuel Garrido Carballo.

LESTE: Propiedade de José Araujo Vilas, José Mariño Suárez, María del Carmen Márquez Fernández, José Suarez Pereira e outros.

OESTE: Granjas Avigan e monte veciñal en man común da parroquia de Moreira.

Setima Parcela: ANGUIL.

CABIDA: 0,3 Has.

LINDES

NORTE: Propiedade de herdeiros de Manuel Suárez.

SUR: Propiedade de Domingo Rodríguez Carballido.

LESTE: propiedade de Avelino López Suárez.

OESTE: propiedade de herdeiros de peregrina Gomez e outros.



Oitava Parcela: SILVA

CABIDA 1 Ha.

LINDES

NORTE: Propiedade de José Rodríguez , monte comunal de Angoares e outros propietarios.

SUR: Propiedade de Alberto Castro e outros.

LESTE: Camiño Publico.

OESTE: Propiedade de heredeiros de José Rodríguez Gomez.

Novena parcela: ALMUFADA (MANGA)

CABIDA : 3 Has.

LINDES

NORTE: Monte comunal de Fontenla e industria de Gramol

SUR: Propiedades de Jaime Rodríguez Silva, Daniel Monteagudo Alvarez, José Alonso Rodríguez, Serafin Castro Rodríguez e outros.

LESTE: Propiedades de Concepción Rodríguez Silva e José Rodríguez Fernández.

OESTE: Propiedades de Maria Rodríguez Fernández e outros.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia do 10 de outubro de Montes Vecinais en Man Común , e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

